



Carballada de Valdeorras

Bases que rexerán a selección para a contratación a tempo parcial como persoal laboral temporal de duración determinada dun/a auxiliar de axuda a domicilio por incremento nas necesidades do servizo

1ª.- Estas bases teñen por obxecto regular a contratación laboral temporal a tempo parcial dun/a traballador/a por incremento nas necesidades do servizo, na modalidade contractual de servizo determinado.

O contrato iniciárase ao finalizar o proceso selectivo e a retribución mensual será a seguinte: traballadora con prestación semanal do servizo de 13 h á semana, unha retribución bruta de 323,44 € brutos/mensuais, incluída a parte proporcional das pagas extras.

2ª.- As persoas que non resulten seleccionadas pasarán a formar parte dunha bolsa de emprego, por estrita orde de puntuación, para cubrir posibles substitucións, etc.,... das traballadoras que actualmente prestan o servizo de axuda a domicilio, así como a necesidade, se é o caso, de formular novas contratacións por incremento nas necesidades do servizo, cuxa bolsa de emprego estará vixente durante o presente exercicio e no exercicio de 2018.

3ª.- A selección farase mediante a avaliación dos seguintes méritos, e de conformidade coa puntuación que se indica:

a) 0,3 puntos, ata un máximo de 3 puntos, por cada mes completo de prestación do servizo de axuda a domicilio en calquera das súas modalidades (básica ou dependencia). A prestación efectiva de servizos acreditarase achegando a documentación xustificativa dos servizos de axuda a domicilio prestados mediante contrato nunha entidade pública ou nunha entidade privada (Xustificarase documentalmente o tempo de duración de prestación dos servizos de axuda a domicilio que se alegue para a súa valoración).

b) Por estar en situación de paro 1 punto.

c) 1 punto pola acreditación do coñecemento da lingua galega - Celga 1 ou equivalente.

d) 2 puntos por acreditar vinculación territorial e coñecemento da realidade física e social do municipio; acreditándose ambos os extremos mediante certificado de empadramento neste municipio con anterioridade á data de inicio do prazo de presentación de solicitude.

e) Entrevista persoal polo órgano de selección, a fin de valorar a maior adecuación dos/as candidatos/as ao posto de traballo, valorando o coñecemento das funcións concretas a desenvolver; o coñecemento de organización e realidade socioeconómica deste municipio, experiencia e idoneidade do candidato/a para o posto de traballo ofertado; así como a adecuación dos solicitantes aos requisitos específicos que ha de cumprir o persoal para prestación do servizo de axuda a domicilio, de conformidade co previsto na Orde do 29 de xaneiro de 2009; podéndose outorgar como resultado da entrevista unha puntuación máxima de 3 puntos.

f) En caso de empate, terá preferencia o/a candidato/a que obteña maior puntuación no apartado de acreditación da vinculación territorial e coñecemento da realidade física e social do municipio.

4ª.- As instancias ou solicitudes nas que se solicite participar no proceso selectivo, dirixidas á alcaldesa-presidenta, presentaranse, xunto coa documentación acreditativa dos méritos para valorar de conformidade co previsto na base anterior, no Rexistro do concello en horario de oficina, de 9.00 a 14.00 horas, dentro do prazo de dous días hábiles a partir da publicación da convocatoria no BOP de Ourense. Se as instancias, ao abeiro do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outo-

bro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, se presentasen no Rexistro doutra administración pública ou en Correos, os solicitantes deberán comunicar mediante fax (n.º 988 335 379), con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes, achegando copia do rexistro de presentación da instancia no que conste a data e hora da súa presentación, e achegando igualmente relación dos méritos alegados para a súa valoración segundo estas bases.

5ª.- Os aspirantes farán constar na súa instancia que reúnen os requisitos previstos no artigo 56 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto do empregado público; e que están en posesión do carné de conducir, e art. 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Xunto coa instancia achegarase copia compulsada do DNI, ou documento que proceda no caso de ser estranxeiro, así como correo electrónico, número de teléfono ou fax para efectuar as comunicacións que proceda.

6ª.- A lista de admitidos e excluídos será publicada no taboleiro de anuncios do concello ao día seguinte ao de finalización de presentación de instancias; e no seu momento a lista coa puntuación outorgada a cada aspirante e a proposta de selección.

7ª.- O órgano de selección cualificador será designado por resolución da Presidencia.

8ª.- O aspirante seleccionado deberá presentar a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na base 4ª no día seguinte hábil ao da publicación no taboleiro de anuncios do concello da lista coa puntuación outorgada a cada aspirante e coa proposta do seleccionado.

9ª.- O contrato que se realizará á persoa seleccionada será de obra ou servizo determinado; e redactarase ao amparo do RD 2720/1998, do 18 de decembro.

Carballada de Valdeorras, 20 de outubro de 2017. A alcaldesa. Asdo.: M.ª Carmen González Quintela.

Bases que regirán la selección para la contratación a tiempo parcial como personal laboral temporal de duración determinada de un/a auxiliar de ayuda a domicilio por incremento en las necesidades del servicio

1ª.- Las presentes bases tienen por objeto regular la contratación laboral temporal a tiempo parcial de un/a trabajador/a por incremento en las necesidades del servicio, en la modalidad contractual de servicio determinado.

El contrato se iniciará al finalizar el proceso selectivo y la retribución mensual será la siguiente: trabajadora con prestación semanal del servicio de 13 h a la semana, una retribución bruta de 323,44 € brutos/mensuales, incluida la parte proporcional de las pagas extras.

2ª.- Las personas que no resulten seleccionadas, pasarán a formar parte de una bolsa de empleo, por estricto orden de puntuación, para cubrir posibles sustituciones, etc. de las trabajadoras que actualmente prestan el servicio de ayuda a domicilio, así como la necesidad, en su caso, de formular nuevas contrataciones por incremento en las necesidades del servicio, cuya bolsa de empleo estará vigente durante el presente ejercicio y en el ejercicio de 2018.

3ª.- La selección se hará mediante la evaluación de los siguientes méritos, y de conformidad con la puntuación que se indica:

a) 0,3 puntos, hasta un máximo de 3 puntos, por cada mes completo de prestación del servicio de ayuda a domicilio en cualquiera de sus modalidades (básica o dependencia). La prestación efectiva de servicios se acreditará adjuntando la documentación justificativa de los servicios de ayuda a domicilio